



I CONCURSO DE MONÓLOGOS EN LINGUA GALEGA

Obxectivos

O Servizo de Normalización Lingüística da UDC convoca o I Concurso de Monólogos en Lingua Galega cos seguintes obxectivos:

- Promover e difundir o uso da lingua galega como vehículo de expresión entre a comunidade universitaria
- Dinamizar entre o alumnado o uso do galego no plano oral
- Premiar a creatividade e a calidade lingüística en galego do alumnado da UDC

Participantes

A participación está aberta a todo o alumnado matriculado na Universidade da Coruña no curso 2013-2014.

Características

As persoas participantes no concurso deberán gravar o seu monólogo en lingua galega, en formato DVD, sobre o tema **A miña experiencia universitaria**.

A duración mínima do monólogo deberá ser de catro minutos e a máxima non superará os dez minutos.

Admitiranse como máximo tres pezas por autor/a. Os monólogos deben ser inéditos e orixinais e o/a autor/a será a única persoa responsable do seu contido.

A organización non facilitará ningún tipo de material para elaborar os vídeos.

Presentación

Para concursar é preciso presentar un sobre pechado, dirixido ao Servizo de Normalización Lingüística, que inclúa o DVD co monólogo a través do Rexistro Xeral (r/Maestranza, 9, 15001 A Coruña), no rexistro auxiliar de Elviña (Casa do Lagar, campus de Elviña) ou no rexistro da Vicerreitoría do Campus de Ferrol en Esteiro (r/Doutor Vázquez, s/n) .

O título do monólogo figurará no exterior do sobre. Este sobre conterá tamén outro sobre pequeno pechado, en cuxa portada figurará o título do monólogo e en cuxo interior figurará unha folla cos datos persoais do/a autor/a (nome, NIF, enderezo postal, teléfono de contacto e correo electrónico), así como a fotocopia do DNI do/a autor/a e o xustificante da condición de estudante da UDC no curso 2013-2014.

O prazo de presentación de solicitudes para participar no concurso remata o **30 de abril de 2014**.

Toda a documentación enviada ficará en posesión da institución organizadora.

Selección, xurado e premios

A semana do 5 ao 9 de maio a Universidade difundirá os monólogos presentados a través da súa páxina web en UDCTV e a través das redes sociais. A comunidade universitaria vota en liña os mellores monólogos, que serán os que optaren ao premio final. O 12 de maio publicarase a relación de finalistas no enderezo www.udc.es/snl.

O día 16 de maio, para celebrar o Día das Letras Galegas, convocarase un acto público na Facultade de Económicas onde se exhibirán os monólogos finalistas no acto “A miña experiencia universitaria”. Neste acto participarán dúas persoas recoñecidas como monologistas que, alén de faceren unha intervención, actuarán como xurado para escolleren o mellor monólogo afeccionado entre os seleccionados na fase anterior.

O xurado do Concurso, que resolverá este día, 16 de maio, estará composto polas seguintes persoas, encargadas de seleccionaren os traballos que recibirán os premios:

- Xosé Ramón Freixeiro Mato, director do Servizo de Normalización Lingüística, ou persoa en quen delegar
- Isabel Martínez-Risco Valivieso
- Francisco Cadaval Ayaso

Concederase un primeiro premio dotado con 500 € e un segundo con 250 €. A dotación destes premios financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 0100.0107.422D.480.08 (Premios. Servizo Normalización Lingüística), e a estes haberá que lles aplicar a retención que marca a lei.

O xurado tamén valorará a calidade da lingua oral das persoas participantes. Os premios poden ser declarados desertos. Tamén existe a posibilidade de outorgalos a varios traballos *ex aequo*; neste caso o importe repartirase a partes iguais.

Condicións de participación

A UDC ten o dereito de difundir os traballos presentados. O Servizo de Normalización Lingüística poderá levar a cabo as modificacións que considerar axeitadas para o mellor desenvolvemento do concurso, o que, caso de ser preciso, publicará no enderezo www.udc.es/snl.

Quen non cumprir os requisitos mínimos de inscrición ficará fóra do concurso. O feito de participar supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelable.

O título da/s obra/s gañadora/s e os nomes das persoas autoras destas publicaranse na web do Servizo de Normalización Lingüística (www.udc.es/snl).

A Coruña, 9 de abril de 2014

O secretario xeral

Carlos Amoedo Souto